

Situacións Administrativas

1. Servizo activo

Áchase en situación de servizo activo quen, conforme á normativa de función pública ditada en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público, preste servizos na súa condición de funcionario público calquera que sexa a Administración ou Organismo Público ou entidade no que se atope destinado/a e non lle corresponda quedar noutra situación. O/as funcionario/as de carreira en situación de servizo activo gozan de todos os dereitos inherentes á súa condición de funcionarios e quedan suxeitos aos deberes e responsabilidades derivados da mesma. Rexeranse polas normas do Estatuto Básico do Empregado Público e pola Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

Supón a prestación de servizos no Corpo ou Escala que corresponda.

Hai supostos nos que, malia non se dar esta prestación de servizos, se consideran como de servizo activo. Tales son os caso de:

- Vacacións, licenzas ou permisos.
- O tempo que media entre o cese nun posto de traballo e a toma de posesión noutro.
- A suspensión provisional, cando con posterioridade non é declarada firme.
- As comisións de servizos.
- Cando, nas situacións de servizos especiais que o possibiliten, se opta por quedar nesta situación.



Normativa:

Art. 86.1 e 2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

Art.3 do Decreto 92/1991, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.

2. Excedencia

2.1. Excedencia por coidado de descendentes ou atención a familiares

Contido e duración

Os funcionarios de carreira terán dereito a un período de excedencia, de duración non

superior a tres anos, para atender o coidado de cada fillo, tanto cando o sexa por natureza coma por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo, que se contará desde a data de nacemento ou, se é o caso, da resolución xudicial ou administrativa.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a tres anos, para atender o coidado dun familiar que estea ao seu cargo, até o segundo grao inclusive de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non se poida valer por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

O período de excedencia será único por cada suxeito causante. Cando un novo suxeito causante dese orixe a unha nova excedencia, o inicio do período desta poñerá fin ao que se viñese gozando.

Esta excedencia constitúe un dereito individual dos funcionarios. No caso de que dous funcionarios xerasesen o dereito a gozala polo mesmo suxeito causante, a administración poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas relacionadas co funcionamento dos servizos.

O tempo de permanencia nesta situación será computábel para os efectos de trienios, carreira e dereitos no réxime da Seguridade Social que sexa aplicábel. O posto de traballo desempeñado reservarase, cando menos, dous anos. Ao transcorrer ese período, a devandita reserva será a un posto na mesma localidade e de igual retribución. Os funcionarios nesta situación poderán participar nos cursos de formación que convoque a administración.

No caso da excedencia por coidado de fillos, o dereito á reserva do posto de traballo durante o primeiro ano estenderase até un máximo de quince meses cando se trate de membros de unidades familiares que teñan recoñecida a condición de familia numerosa de categoría xeral e até un máximo de dezaioito meses se teñen a condición de familia numerosa de categoría especial.



Documentación necesaria:

Solicitud

Libro de familia ou xustificación das circunstancias familiares.

Prazo do silencio administrativo:

10 días, con efectos estimatorios.

Normativa:

Art. 55.4 da Lei 4/1988 (*Redactado segundo o artigo 24 da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galiza*)

2.2. Excedencia voluntaria por incompatibilidade

Contido e duración

Procederá declarar de oficio ou por instancia de parte en situación de excedencia volun-

taria o/a funcionario/a cando estea en situación de servizo activo noutro corpo ou escala de calquera administración pública, a non ser que obtivese a oportuna compatibilidade ou pase a prestar servizos en organismos ou entidades do sector público e non lles corresponda quedar noutra situación. Débense considerar incluídos entre os organismos ou entidades do sector público aquelas empresas nas que a participación do capital directa ou indirectamente das administracións públicas sexa superior ao 50%.

O/a funcionario/a poderá permanecer nesta situación mentres se manteña a relación de servizos que deu orixe á mesma. Unha vez producido o cesamento nela, deberá solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo máximo de trinta días e, de non o facer, será declarado/a na situación de excedencia voluntaria por interese particular.

Non se produce reserva de praza.



Documentación necesaria:

Solicitud

Prazo do silencio administrativo:

3 meses, con efectos estimatorios.

Normativa:

Art. 89 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Art. 55.I. da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

2.3. Excedencia voluntaria por interese particular

Contido e duración

Os funcionarios de carreira poderán obter a excedencia voluntaria por interese particular cando presten servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante un período mínimo de cinco anos inmediatamente anteriores. A concesión de excedencia voluntaria por interese particular quedará subordinada ás necesidades do servizo debidamente motivadas. Non poderá declararse cando ao funcionario público instrúaselle expediente disciplinario. Procederá declarar de oficio a excedencia voluntaria por interese particular cando finalizada a causa que determinou o pase a unha situación distinta á de servizo activo, se incumpra a obriga de solicitar o reingreso ao servizo activo no prazo en que se determine regulamentariamente.

Quen se atope en situación de excedencia por interese particular non devengará retribucións, nin lle será computábel o tempo que permaneza en tal situación a efectos de ascensos, trienios e dereitos no réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación.

Os funcionarios ou funcionarias que presten servizos en organismos ou entidades que queden excluídos da consideración do sector público para os efectos da declaración de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público serán declarados na

situación de excedencia voluntaria regulada neste punto, sen que lles sexan de aplicación os prazos de permanencia nela.

Pasarán tamén á situación de excedencia voluntaria por interese particular os funcionarios que cesasen na situación de servizos especiais e non solicitasen o reingreso no servizo activo no prazo de trinta días desde tal cesamento, agás no suposto previsto para os funcionarios públicos que, logo de ingresaren ao servizo das institucións comunitarias europeas ou ao de entidades e organismos asimilados, exerciten o dereito de transferencia establecido no artigo 11.2 do anexo VIII do Estatuto dos funcionarios das Comunidades Europeas, aprobado polo Regulamento 259/1968 do Consello, do 29 de febreiro, modificado polo Regulamento 571/1992, do Consello, do 2 de marzo, sen prexuízo dos efectos económicos que poidan derivar dos ascensos e trienios consolidábeis até o momento do exercicio deste dereito.



Documentación necesaria:

Solitude

Prazo do silencio administrativo:

3 meses, con efectos estimatorios.

Normativa:

Art. 89 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Art. 55.2.a da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

2.4. Excedencia voluntaria por agrupación familiar

Contido e duración

Poderá concedérselle a excedencia voluntaria por agrupación familiar, cunha duración mínima de dous anos e máxima de quince, aos funcionarios cando o seu cónxuxe resida noutro concello por obter e estar desempeñando un posto de traballo de carácter definitivo como funcionario de carreira ou como laboral en calquera Administración pública ou organismo autónomo. Os funcionarios excedentes por esta causa non devengarán retribucións nin lles será computado o tempo permanecido en tal situación para efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos.



Documentación necesaria:

Solitude

Prazo do silencio administrativo:

3 meses, con efectos estimatorios.

Normativa:

Art. 55.3 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

2.5. Excedencia por violencia de xénero

Contido e duración

As funcionarias vítimas de violencia de xénero, para faceren efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral, terán dereito a solicitar a situación de excedencia durante seis meses sen ter que prestar un tempo máximo de servizos previos e sen que sexa exixíbel prazo de permanencia nela.

Durante os seis primeiros meses terán dereito á reserva do posto de traballo que desempeñasen, e o devandito período será computábel para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos do réxime de Seguridade Social que sexa aplicábel.

Cando as accións xudiciais o esixisen, poderase prorrogar este período por tres meses, cun máximo de dezaoto, con idénticos efectos aos sinalados anteriormente, para o fin de garantir a efectividade do dereito de protección da vítima.

Durante os dous primeiros meses desta excedencia, a funcionaria terá dereito a percibir as retribucións íntegras e, se é o caso, ás prestacións familiares por fillo ao seu cargo.



Documentación necesaria:

Solicitud

Documentación xustificativa

Prazo do silencio administrativo:

Non se contempla

Normativa:

Art. 55.6 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza
(Redactado segundo o artigo 24 da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galiza)

3. Servizos especiais

Os funcionarios públicos pasarán á situación de servizos especiais:

- 1.- Cando sexan autorizados para realizar unha misión por período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
- 2.- Cando adquiran a condición de funcionarios ao servizo de organizacións internacionais ou de carácter supranacional.
- 3.- Cando sexan nomeados membros do Goberno ou dos órganos de goberno das comunidades autónomas ou altos cargos deles que non deban ser provistos necesariamente por funcionarios públicos.

- 4.- Cando sexan elixidos polas Cortes Xerais para formaren parte dos órganos constitucionais ou doutras que lles corresponda ás cámaras elixir.
- 5.- Cando sexan adscritos aos servizos do Tribunal Constitucional ou do Defensor do Pobo.
- 6.- Cando accedan á condición de deputado ou senador das Cortes Xerais.
- 7.- Cando accedan á condición de deputado do Parlamento galego, de membros das asembleas lexislativas das comunidade autónomas ou cando formen parte de órganos que lle corresponda elixir ao Parlamento galego, se perciben retribucións periódicas polo desempeño da función. Cando non perciban tales retribucións poderán optar entre permanecer na situación de servizo activo ou pasar á de servizos especiais, sen prexuízo da normativa que diten as comunidades autónomas sobre incompatibilidades dos membros de asembleas lexislativas.
- 8.- Cando se desempeñen cargos electivos retribuídos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, cando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores e directivos municipais e mais cando se desempeñen responsabilidades de membros dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas. Exceptúanse os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, cando desempeñen postos reservados a eles, que se rexerán pola súa normativa específica, quedando na situación de servizo activo.
- 9.- Cando presten servizo nos gabinetes da Presidencia do Goberno, dos ministros e dos secretarios de Estado e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.
- 10.- Cando sexan nomeados para calquera cargo de carácter político do que se derive incompatibilidade para exercer a función pública.
- 11.- Cando cumbran o servizo militar ou a prestación substitutoria equivalente.
- 12.- Cando presten servizo nos gabinetes da Presidencia da Xunta ou dos conselleiros e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa Administración de orixe.
- 13.- Cando desempeñen postos de traballo de carácter directivo no Gabinete da Presidencia do Parlamento.
- 14.- Cando sexan adscritos aos servizos do Valedor do Pobo, nos termos previstos na lei reguladora da dita institución.
- 15.- Cando sexan nomeados membros do Consello de Contas de Galiza.
- 16.- Cando pasen a desempeñar os postos de traballo de Presidente, Conselleiro Delegado ou Director Xerente nas sociedades públicas ás que fai alusión o artigo 12 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de Réxime financeiro e presupostario de Galiza, e así o determine o Consello da Xunta.
- 17.- Cando sexan nomeados como titulares de subsecretarías, secretarías xerais técnicas ou direccións xerais da Administración xeral do Estado".
- 18.- Cando sexan nomeados como titulares das subdelegacións do Goberno nas pro-

vincias ou das direccións insulares da Administración xeral do Estado e non opten por permanecer na situación de servizo activo na súa administración de orixe".

19.- Cando sexan nomeados para desempeñar postos nas áreas funcionais da alta inspección de educación funcionarios ou funcionarias dos corpos docentes ou das escalas nas que se ordena a función pública docente.

20.- Cando pasen a desenvolver cargos directivos nas empresas públicas, nos entes públicos, nas sociedades ou nas fundacións públicas nas que a Xunta de Galiza, directa ou indirectamente, participe ou achegue máis do 50% do capital ou do patrimonio, cando os devanditos cargos sexan designados logo de acordo do Consello da Xunta de Galiza ou polos seus propios órganos de goberno

Aos funcionarios en situación de servizos especiais computaráselles o tempo que permanezan en tal situación para os efectos de ascensos, trienios e dereitos pasivos e terán dereito á reserva de praza e destino que ocupasen, que poderá ser desempeñada

mentres o funcionario estea en situación de servizos especiais ben en comisión de servizos, ben por persoal interino.

En todos os casos percibirán as retribucións do posto ou cargo efectivo que desempeñen e non as que lles correspondan como funcionarios, sen prexuízo do dereito á percepción dos trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios.

Os deputados, senadores e membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas que perdan tal condición por disolución das correspondentes cámaras ou finalización do mandato destas poderán permanecer na situación de servizos especiais até a súa nova constitución.

Os funcionarios públicos que fosen nomeados altos cargos, membros do poder xudicial ou doutros órganos constitucionais ou estatutarios ou que fosen elixidos alcaldes, retribuídos e con dedicación exclusiva, presidentes de deputacións ou institucións equivalentes, deputados ou senadores das Cortes Xerais e membros das asembleas lexislativas das comunidades autónomas recibirán, como mínimo, o mesmo tratamento na consolidación do grao e no conxunto de complementos que o que se estableza para os que fosen directores xerais e outros cargos equivalentes ou superiores da correspondente administración pública.

Os funcionarios de carreira que a partir da entrada en vigor da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de autonomía para Galiza, desempeñen ou tiveren desempeñado durante máis de dous anos continuados ou tres con interrupción postos de traballo como director xeral ou superior, director xerente de órganos ou entidades públicas

ou postos na administración pública incluídos no ámbito de aplicación da Lei de incompatibilidades de altos cargos percibirán desde a súa reincorporación ao servizo activo, e en canto se manteña esta situación, o complemento de destino correspondente ao posto de traballo que desempeñen ou, se é o caso, ao do seu grao persoal, incrementado na cantidade

necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino, ou concepto equivalente que a Lei de orzamentos xerais do Estado fixe para os directores xerais, e a suma de ambos os conceptos non poderá ser inferior ao importe do complemento de destino que perciban os funcionarios que acrediten o nivel máximo establecido legalmente.

Prazo do silencio administrativo:
3 meses, con efectos estimatorios.

Normativa:

Art. 87.1 e 2 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Art. 52 e 53 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

Disposición adicional décimo sétima da Lei 4/1988 (*Engadida polo artigo 34 da Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galiza. DOG de 27-08-2007*)

4. Suspensión de funcións

A suspensión de funcións pode ter carácter provisorio ou firme. O funcionario declarado en tal situación quedará privado temporalmente do exercicio das súas funcións e dos dereitos inherentes á súa condición.

4.1. Suspensión provisional

A suspensión provisorioa poderá acordarse preventivamente por un período non superior a seis meses, durante a tramitación do procedemento xudicial ou do expediente disciplinario, por posíbel comisión de faltas graves, que lle instrúa ao funcionario a autoridade competente. Durante o tempo de suspensión provisorioa o funcionario percibirá as retribucións básicas que lle correspondan.

Se o funcionario resultase absolto no procedemento criminal ou expediente disciplinario, ou se a sanción que se lle impuxese fose inferior á suspensión, o tempo de duración desta computaráselle como servizo activo e deberá reincorporarse inmediatamente ao seu posto de traballo, con recoñecemento de todos os dereitos económicos e demais que procedan desde a data de efectividade da suspensión.

4.2. Suspensión firme

A suspensión firme por sanción disciplinaria no poderá exceder de seis anos. A suspensión terá carácter firme cando se impoña en virtude de condena criminal ou sanción disciplinaria. A condena e a sanción determinarán a perda do posto de traballo, agás cando

a suspensión firme non exceda de seis meses. Neste caso haberá que solicitar o reingreso ao servizo activo con un mes de antelación á finalización da suspensión. De non solicitar o reingreso declararase en situación de excedencia voluntaria por interese particular con efectos desde a data de finalización da sanción.

Aos funcionarios en situación de suspensión de funcións con carácter firme non se lles reservará a praza nin o destino.



Normativa:

Art. 90 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Art. 57 da Lei 4/1988, de 26 de maio, da Función pública de Galiza.

Art. 8º do Decreto 92/1991, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galiza.